



TÁMARA ECHEGOYEN, ÁNGELES BARREIRO OU IRENE BLANCO SERÁ HOMENAXEADAS NOS V PREMIOS DO DEPORTE FEMININO GALEGO

❖ **O venres 29 de setembro celebrarase en Pontevedra a gala na que se entregarán os premios correspondentes ao ano 2016.**

Vigo, 9 de setembro de 2016. Támara Echegoyen, Ángeles Barreiro, Susana Rodríguez ou Irene Blanco son algunhas das protagonistas da Gala do Deporte Feminino Galego, que se celebrará o próximo día 29 de setembro en Pontevedra. No transcurso deste evento, organizado pola Deputación Provincial, procederemos a entrega dos V Premios do Deporte Feminino Galego, correspondentes ao ano 2016.

A cita é o **29 de setembro** (20:30 horas) no Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra. Con estes premios, Mudegá busca lograr que os éxitos do deporte feminino, que son moitos e moi importantes, sexan recoñecidos pola sociedade.

O pasado mércores 5 de setembro reuniuse o xurado (formado por representantes de federacións deportivas, do CGTD, xornalistas, deportistas, Deputación Provincial e a propia asociación Mudegá) para estudar as candidaturas presentadas tanto por federacións coma clubs ou persoas a nivel particular. Entre as candidaturas, había deportistas cun curriculum espectacular, medallistas mundiais, olímpicas, directivas cunha espectacular traxectoria, clubs cunha longa historia, xente nova que comeza con magníficos resultados...



Así, **Támara Echegoyen** (campioa do mundo en 2016 e olímpica en Río na modalidade de vela, onde rozou a medalla ao rematar na cuarta posición despois de estar durante todas as regatas en cabeza) foi elixida como mellor deportista galega do 2016, mentres que o mellor equipo é o **Breogán do Grove feminino**, que logrou o título da I Liga Nacional de Sprint Olímpico Feminino (sénior e xuvenil) e da Copa da Raíña Senior de Sprint Olímpico. O xurado foi unánime ao outorgar o premio a mellor traxectoria deportiva a **Ángeles Barreiro**, unha das pioneiras do deporte galego (lanzadora de disco, olímpica en Barcelona 92, once veces campioa de España e 61 veces internacional).

A adestradora de esgrima **Ruth Ballesteros** foi elixida como a mellor adestradora polo espectacular traballo que está a realizar cos rapaces e rapazas que adestra, tanto na Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno coma no seu club, 100Tolos. Ademais, **María Bautista** (árbitra de taekwondo) acadou o premio á mellor xuíza do ano 2016. María, presente en todos os campionatos de España e varias probas internacionais -participou no Europeo sénior de taekwondo dese ano-, quedou ás portas da clasificación para os Xogos de Río. **Rosa Patiño**, a eterna secretaria do Celta de baloncesto feminino, foi elixida como mellor directiva polo seu traballo neste club durante máis de vinte anos.

O premio para a entidade privada máis colaboradora é para **Pescamar**, patrocinadora de Poio de fútbol sala, Arxil (baloncesto), Leis ou Cidade de Pontevedra (fútbol sala). Esta empresa colabora de forma activa co deporte dende hai varios anos e son moitos os clubs femininos que contan co seu apoio económico. Este ano quedaron baleiros os premios de mellor entidade pública e o de iniciativa a prol do deporte feminino.



O premio para o xornalista/medio de comunicación amigo foi *ex aequo* para **Paula Montes** e **Óscar Losada**, ambos cunha longa traxectoria profesional na que amosaron a súa sensibilidade para recoñecer os méritos do deporte feminino de forma igualitaria. A mellor deportista promesa é **Irene Blanco** (halterofilia) que non deixa de superar marcas nun ano excepcional (subcampioa de Europa sub 15, campioa de España sub 15, sub 17, subcampioa de España júnior e bronce sénior) e **Susana Rodríguez Gacio** (bronce no Europeo de Tríatlon, ouro no Mundial de Duatlón e quinta nos Xogos Olímpicos de Río) foi elixida mellor deportista con discapacidade do ano 2016. Ao coincidir os premios con ano olímpico, o xurado decidiu homenaxear tamén na gala a todas as deportistas galegas presentes en Río.

No transcurso da gala, tamén se entregarán tres mencións especiais: a **Teresa Martínez Cancelo** (árbitra de hoquei patíns que acaba de retirarse despois de máis de vinte anos na elite da arbitrase), **Cristina Fernández Piñeiro** (primeira árbitra que dirixiu un partido da máxima categoría do balonmán masculino en España e a primeira árbitra internacional) e a **Pilar Neira**, que foi a fundadora de Mudegá e acaba de abandonar ese cargo despois de máis de dez anos ao fronte deste colectivo.

**A continuación tede a lista de premiados/as*

V PREMIOS DO DEPORTE FEMININO GALEGO	
Mellor deportista	Támara Echegoyen
Mellor deportista con discapacidade	Susana Rodríguez Gacio
Mellor traxectoria	Ángeles Barreiro
Medios de comunicación/xornalista	Paula Montes/Óscar Losada
Mellor adestrador/a	Ruth Ballesteros
Mellor árbitra/xuiza	María Bautista
Entidade privada amiga	Pescamar



Directiva máis comprometida	Rosa Patiño
Mellor equipo	Equipo feminino Breogán do Grove
Premio a mellor deportista promesa	Irene Blanco
Mencións especiais	Cristina Fernández Piñeiro
	Teresa Cancelo
	Pilar Neira